

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE XANEIRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:05 horas do día 25 de xaneiro de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 23 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D^a. María Jesús Lago Rey
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Secundino Otero Faílde
D. José Ángel Otero Lamas, como vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio García Barbón" (172-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. ORECO, S.A.
 2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.

2.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio García Barbón" (172-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.



A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

6.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de "Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz" e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 17 de xaneiro de 2019, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. AUDECA, S.L.U.
2. NAROM, S.L.

Durante o prazo concedido, só presentou documentación AUDECA, S.L.U., da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 23 de xaneiro de 2019 a enxeñeira industrial de Vías e Obras e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen *"Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de contratos do sector público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. AUDECA, S.L.U.
2. NAROM, S.L.

7.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de "Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz" e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos o 23 de xaneiro de 2019 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación.

8.- Propostas de clasificación/clasificación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:15	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD4A-C9D52B-EC394H-CWFHR5-MMG837-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de "Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz" e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial de Vías e Obras e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 23 de xaneiro de 2019:

1. AUDECA, S.L.U.
2. NAROM, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación das obras de "Implantación de vía verde sobre antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzáiz" e o mantemento das zonas verdes, do mobiliario urbano e das instalacións eléctricas (117-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRIGUEZ, S.L.	95,92
2	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,66
3	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	90,60
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	90,40
5	ORECO, S.A.	90,11
6	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSÉ S.A. - EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L.	76,14
7	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA	47,89

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE SERVICIOS E OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:15	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD4A-C9D52B-EC394H-CWFHR5-MMG837-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		